



ADAPTACIONES SANITARIAS

COVID-19



O Plan de Continxencia actual da ASOCIACIÓN ITÍNERA VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL actualizárase cada semana atendendo ás necesidades das persoas usuarias respetando ás directrices recollidas no BOE e marcadas polo SERGAS. Segundo a evolución da pandemia incorporaránse novas accións.


1. Medidas postas en marcha para evitar a propagación do Covid-19 entre os usuarios e os profesionais que levan a cabo as actividades

1.1 Persoas usuarias:

- Actividades educativas non presenciais
- Chamadas informativas sobre o COVID-19 e aseguramento de cumprimento das medidas sanitarias e de distanciamento social.
- Envío correo electrónico con cartafol e información das medidas sanitarias e de distanciamento social
- Nos casos de contacto directo esíxese á persoa usuaria o uso de mascariña e lubas

1.2 Profesionais:

- Distribución entre o persoal técnico das medidas de protección precisas (EPIS, lubas, mascariñas e desinfectantes)
- Información en cartafol sobre as medidas de hixiene e distanciamento social
- Quendas de traballadores separadas, naquelas labores que esixen presenza na oficina (2 días semanas cada traballador)
- Teletraballo dende casa (3 días á semana)



2. **Modificacións realizadas nas actividades desenvoltas ao abeiro do convenio, como consecuencia da declaración do estado de alarma**

- Nas actividades académicas creáse una plataforma dixital para impartir as clases a distancia. O seguemento dos alumnos e a impartición de materias é diaria. Nesta plataforma ademáis súbense os materiais de estudo, así como exercicios a realizar polos alumnos. Tamén se realizan exames a distancia
- No programas de lecer. A asociación conta cun gran fondo de biblioteca e videoteca. Organizóuse un servizo de préstamo de libros e películas. Os materiais repartense a domicilio coa furgoneta da asociación por persoal debidamente equipado, deixando os materiais na porta ou no buzón sen que haxa contacto algún. Posteriormente vía telemática creáse un foro para comentar cada un có coordinador de proxecto os comentarios sobre os materiais entregados.
- En colaboración co Banco de Alimentos. Reparto de entrega a domicilio de alimentos non perecedeiros para persoas que viven soas ou con familiares que sexan colectivo especial de risco do COVID-19. Tamén se reparten artigos de primeira necesidade ou material informático.
- Grupo de apoio: Creóuse unha rede de foros e videoconferencias para participar todas aquelas persoas dende o seu fogar a través de videoconferencias. Co apoio de voluntarios dinamízanse conversacións de grupos de ata 50 persoas, procurando que ninguén con acceso a internet se sinta só ao tempo que se controlan síntomas de descompensación.
- Supervisión persoal: Chámase a todos os que participantes nas actividades, ás veces os técnicos (supervisión formal) e outras os voluntarios, a aquelas persoas coas que comparten actividades normalmente (supervisión informal). En caso de detectar algunha incidencia reseñable, relacionada tanto có COVID-19 coma una descompensación, ou mesmo un problema de convivencia, establecemos comunicación co profesional sanitario ou social de referencia.



3. Persoas que están neste momento atendendo as actividades obxecto do convenio

POSTO	PRESENCIAL	TELETRABALLO
1 Coordinador	2 días	3 días
2 Supervisoras	2 días (distintos)	3 días
3 Profesoras		5 días
10 Voluntarios		6 horas semanais

4. Número de persoas beneficiarias

ATENCIÓN TELEMÁTICA	PRESENCIAL
60	15

